ANEXO PROGRAMACIÓN COVID-19

| MODALIDADE | DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE LECTIVA | METODOLOXÍA | MATERIAIS/RECURSOS | ESTÁNDARES | AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| SEMI-PRESENCIAL<br>CANDO<br>**UNHA PARTE DO ALUMNADO** SE ATOPA CONFINADO NUNHA CLASE OU GRUPO DURANTE 15 DÍAS OU MÁIS. | Un día á semana farase corresponder a sesión de clase presencial cunha por videoconferencia a través de Cisco Webex (de forma online síncrona) con aquel alumnado do grupo que se atope confinado se os recursos informáticos do I.E.S. o permiten.<br>As restantes sesións (dependendo do curso, unha ou dúas) serán seguidas polo alumnado confinado a través da realización de actividades que lles serán subidas á aula virtual sobre os temas tratados na aula. | Ante a situación de pandemia provocada polo COVID-19,e en previsión dos distintos escenarios que se poidan producir ó longo do curso , será o uso das TIC o recurso didáctico de referencia,e polo tanto, o modelo metodolóxico principal que trate de convertir a clase nun espazo para realizar tarefas mediante traballo en grupo ou individualmente dirixido pola profesora que | Para a posta en práctica desta programación utilizarase a aula virtual do centro como espazo de aprendizaxe que permite ó alumnado realizar tarefas, interactuar entre si e acceder ós contidos tanto na aula virtual coma na presencial.<br>Empregarase sempre como referente e apoio principal sobre os que se traballarán os contidos o “livre de l´élève” e o | Para estas dúas modalidades seguiranse os estándares que veñen referenciados na programación xeral deste curso 2021-2022. | Estes procedementos poderán ser realizados, tanto de maneira presencial como virtual, dependendo dos distintos escenarios que establezan as autoridades sanitarias e educativas (presencial, semipresencial e/ou non presencial). No caso de que un determinado procedemento se realizase sempre de maneira presencial, a ponderación desta parte presencial será do 100 %. Porén, se as condicións variaran, polo que |

ANEXO PROGRAMACIÓN COVID-19

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| SEMI-PRESENCIAL<br>CANDO **UNHA CLASE OU UN GRUPO COMPLETO** SE ATOPA CONFINADO DURANTE 15 DÍAS OU MÁIS. | No caso dun grupo completo confinado, tódalas clases se impartirán de forma online síncrona (por Cisco Webex) en horario habitual do instituto, así como a realización de actividades, se os recursos do I.E.S. o permiten.<br><br>Se fallase a conexión ou houbese alumnado que non a tivese subiríanselle as explicacións e as actividades á aula virtual do centro. | despois das explicacións, o alumnado aprenda a visualizar contidos a través de videotitoriais,ligazóns de internet, libro de texto, cahier,etc. | “cahier d´exercices” na E.S.O. e en BAC tanto na clase presencial coma nas videoconferencias por Cisco Webex. | | a asistencia non fose posible e o escenario telemático fora máis do 50 % e as probas non puideran ser presenciais, calificaríase cun 90% as actividades presenciais, deixando un 10 % para a parte telemática.<br><br>En canto aos traballos feitos en grupo ou individualmente, ou o traballo na aula (ou na casa cando a actividade presencial quede suspendida), toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de ser copiado ou de elaboración non propia será automáticamente suspenso. |
| NON PRESENCIAL<br>CANDO SE PRODUCE O **CONFINAMENTO TOTAL** DO I.E.S. | Neste caso, impartirase o 60% da actividade lectiva en tódolos cursos,de forma online síncrona por Cisco Webex no horario indicado polo instituto, así como a realización de actividades. | Ante a situación de pandemia provocada polo COVID-19,e en previsión dos distintos escenarios que se poidan producir ó longo do curso , será o uso das TIC o recurso | Para a posta en práctica desta programación utilizarase a aula virtual do centro como espazo de aprendizaxe que permite ó alumnado realizar tarefas, | Para esta modalidade de ensino seguirase unha referencia a estándares segundo a | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | En caso de que houbese alumnado desconectado (sempre coa debida xustificación autentificada por quen corresponda) subiríanse as explicacións e as actividades á aula virtual do instituto.<br><br>Ante este escenario respetarase sempre unha carga lectiva do 60% en cada curso de maneira que aqueles cursos que teñan 2 sesións semanais de clase quedarán reducidas, durante o confinamento, a unha sesión semanal de 60 minutos deixando o tempo restante para que lle adiquen á realización de tarefas e estudar. | didáctico de referencia,e polo tanto, o modelo metodolóxico principal que trate de convertir a clase nun espazo para realizar tarefas mediante traballo en grupo ou individualmente dirixido pola profesora que despois das explicacións, o alumnado aprenda a visualizar contados a través de videotitoriais,ligazóns de internet, libro de texto, cahier,etc. | interactuar entre si e acceder ós contidos.<br><br>Empregarase sempre como apoio principal o “livre de l´élève” e o “cahier d´exercices” na E.S.O. e en BAC. nas videoconferencias por Cisco Webex. | programación xeral deste curso 2021-2022. | Todo aquel alumno/a que teña un dispositivo electrónico (ordenador, Tablet, móvil…) e dispoña de conexión a internet deberá asistir a un mínimo de 80 % das sesións por videoconferencia agás causa debidamente xustificada.<br><br>De non poderse realizar os exames finais de trimestre de maneira presencial, o alumnado será avaliado por videoconferencia a través de probas orais que permitan acreditar as competencias adquiridas. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | E aqueles cursos que teñan 3 sesións semanais de clase , durante o confinamento, quedarán reducidas a 2 sesións semanais de clase deixándolles a outra sesión para que lle adiquen a realizar tarefas e a estudar, dadas as dificultades e o esforzo que conlevan as clases e actividades telemáticas tanto para alumnado como para profesorado. | | | | |

*Prevalecerán estas normas se se volveran dar as mesmas condicións sanitarias do curso 2020-2021 ou se se producen recaídas nas sucesivas olas da situación de pandemia que aínda continuamos a padecer.